



MEMORIA ECONÓMICA PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”.

1.- Obxecto do Contrato:

A execución das obras do proxecto de “**MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)**”, redactado polos Enxeñeiros Municipais de Camiños Canles e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de **NOVENTA E CINCO MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON VINTESETE CÉNTIMOS (95.454,27 €)** e data febreiro de 2021 e sinatura dixital de data 24.02.2021.

Tal e como se indica na memoria descritiva do proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local, trátase dunha calzada con dobre sentido da circulación, cunha anchura media de 6,00 m, existen zonas estreitas, pero tamén zonas con sobre ancho. Este camiño, dá servizo aos veciños da zona e a numerosas parcelas agrarias. No inicio do camiño polo camiño Portal existe un pequeno tramo que dá acceso a varias vivendas e á piscina municipal de Valadares, pero na súa maior parte dá acceso a parcelas de uso agrario. O pavimento da calzada actual composto por paquete de firme asfáltico, atópase moi deteriorado con grandes zonas con descarnaduras, reposicións, ademais de fochas e outras totalmente agretadas. No trazado aprécianse arquetas de servizos.

A actuación se desenrola nun tramo do camiño Valada na parroquia de Valadares consisten nas seguintes obras:

- Previamente efectuarse o corte de pavimento asfáltico ou de formigón nas zonas previstas no proxecto, posterior fresado do pavimento existente tanto de pavimento bituminoso como de formigón cun espeso medio de 5 cm., Limpeza e preparación de explanación en camiños estreitos por medios manuais o mecánicos. Posterior tratamento de adherencia con dotación de 1,0 Kg de ECR-2, para posterior aplicación de aglomerado en quente tipo D-12 de uns 5 cm., de espesor, estendido e compactado.
- Preparación a base de recalce de tapas de rexistro con dados de formigón, así como recrecido dos pozos de rexistro existentes, a cota final. Recolocación de tapas de fundición dúctil co seu correspondente marco de suxeición e ancoraxe.
- Unha vez finalizado o proceso de reposición de pavimento e tapas procederase a o marcado do vial de acordo coas indicación no proxecto.

O contrato, polo seu obxecto, califícase como contrato de obras, segundo o previsto no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (no sucesivo, LCSP).

**2.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN:****a) Prezo do contrato e orzamento base de licitación:**

En cumprimento do artigo 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, está formulado en termos de prezos unitarios e determinado en base ao proxecto de obra aprobado, e resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado, os cales atópanse descompostos nas unidades vinculadas no proxecto.

O prezo do contrato é de **NOVENTA E CINCO MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS (95.454,27 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 16.566,44 €.

O orzamento base de licitación correspóndese co límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o IVE, e desagregarase indicando os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación (artigo 100 LCSP).

As unidades de obra utilizadas no proxecto están axustadas na súa totalidade á estrutura e descomposición das tarifas do SEAGA vixentes (publicadas na páxina web agader.xunta.gal), tal e como esixe o artigo 4.3.c) da resolución de concesión directa da axuda da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Os prezos compostos utilizados no proxecto, nos que se describen e valoran as distintas unidades de obra, inclúen os custes directos e indirectos que sexan de aplicación.

O orzamento base de licitación, determinado no proxecto de obra aprobado, ascende a un total de **NOVENTA E CINCO MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS (95.454,27 €)**.

b) Anualidades:

2022	95,454.27 €
------	-------------

c) Valor estimado do contrato e método de cálculo:

A tenor do establecido no artigo 101 LCSP, o valor estimado do contrato está calculado en base os custos derivados da execución material do proxecto de obra aprobado, os gastos xerais de estrutura e o beneficio industrial, tendo en conta as modificacións á alza previstas, así como os custes derivados da aplicación das normativas laborais vixentes.

En base ao anterior, o valor estimado do contrato estipúlase en **NOVENTA E CATRO MIL**



SEISCENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (94.665,40 €).

	IMPORTE
ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL	66.292,29 €
GASTOS XERAIS (13%)	8.618,00 €
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	3.977,54 €
MODIFICACIÓNS Á ALZA PREVISTAS (20%)	15.777,57 €
VALOR ESTIMADO DO CONTRATO	94.665,40 €

3.- REVISIÓN DE PREZOS

Non procede a revisión de prezos, tendo en conta que os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto.

4.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012 DE 7 DE ABRIL.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.210.00.00 "Conservación de vías e espazos públicos".

O gasto proposto cumpre co principio de sustentabilidade financeira, segundo o recollido no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. A proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse dentro dos créditos vixentes no actual orzamento, a consecuencia da concesión da axuda ao abeiro do "Plan De Mellora De Camiños Municipais De Acceso A Parcelas Agrícolas 2022-2023", outorgada mediante Resolución do 10/06/22 da Directora Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

O orzamento do proxecto é de 66.292,29€ en execución material, que, aplicándolle a porcentaxe do 13% en concepto de gasto xerais e do 6% en concepto de beneficio industrial, resulta a cantidade de 78.887,83 euros e aplicando a dito importe a porcentaxe do 21% en concepto de IVE, resulta a cantidade de 16.566,44 euros en concepto de IVE, ascendendo o orzamento base de licitación a un total de 95.454,27 euros.



O orzamento base de licitación sen IVE, de 78.887,83 euros, supón unha cantidade menor en 4.630,17€ á asignación máxima da axuda para o Concello de Vigo. Tendo ademais en conta o estipulado nas bases sobre as partidas a tanto alzado, no caso do proxecto existe a partida 03.02 de imprevistos, con contía de 3.600€ en execución material, o que supón 4.284,00€ a descontar na contía do proxecto susceptible de ser subvencionada. O orzamento susceptible desubvención é de 74.603,83€.

Polo tanto, a porcentaxe susceptible de asignación con cargo ao PLAN respecto ao orzamento do proxecto “MELLORA E REFORZO DO FIRME NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”, é dun 94,57%, cun restante 5,43% que será financiado polo Concello de Vigo con cargo a fondos propios da Concellería de Fomento, na partida orzamentaria 1532.210.0000 (CONSERVACIÓN DE VÍAS E ESPAZOS PÚBLICOS). Polo tanto o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de mantemento de carácter finalista para o Concello.

5.- REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

Os pagamentos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada, expedidas polo director facultativo da obra. Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación, conforme ao previsto nos artigos 198.2 e 240 da LCSP.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Na factura deberán constar os seguintes extremos:

- Unidade tramitadora: GE0000611 Vías e Obras
- Oficina contable: GE0000575 Servizos Económicos/ Intervención
- Órgano xestor: L01360577 Concello de Vigo

En consecuencia aos antecedentes descritos, propónse o Concelleiro Delegado da Área de Fomento remitir a presente memoria económica para continuar a contratación das obras de **“MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”**

Vigo, na data da sinatura electrónica

O Técnico de Administración Xeral. Luis Javier Mosquera Docampo

O Xefe da Área de Inversións.- José Ángel Otero Lamas

Conforme - O Concelleiro Delegado da Área de Fomento.- F. Javier Pardo Espiñeira